

# 3ª

## UNIDADE DIDÁCTICA

dirixida ao profesorado de 6º curso  
de Educación Primaria e 1º de  
Educación Secundaria Obrigatoria



Transforma as desigualdades de xénero

**Aceptas o reto?**



# ACTIVA O RADAR TDX! ESTÁ EN TI

## **3ª UNIDADE DIDÁCTICA**

dirixida ao profesorado de 6º curso

de Educación Primaria e 1º de Educación Secundaria Obrigatoria



# Activa o radar TDX! Está en ti

Esta campaña, «Activa o radar TDX! Está en ti», promovida polo Concello de Cangas grazas ao apoio do Pacto de Estado, componse de 4 microvídeos dunha duración de entre 1-2 minutos cada un para traballar nas aulas. Con esta búscase, especificamente, sensibilizar ao alumnado de 6º curso de Educación Primaria e de 1º da ESO. Se agora mesmo estás a asociar o xoño de palabras do título co radar da DGT, e pensando que se trata dunha campaña para sensibilizar e concienciar sobre seguridade viaria, dicirche que... frío, frío! xa que as siglas TDX significan «Transforma as Desigualdades de Xénero».

## Por que no título da campaña dise que o radar está en ti?

Porque todas as persoas podemos detectar a presenza de desigualdades de xénero que están ao noso arredor. O radar é unha metáfora para explicar que hai violencias de xénero e outras violencias machistas que poden acontecer no noso día a día, están por todas partes, pero velas e detectalas depende de nós. As desigualdades de xénero-relacións de poder derivadas das ideas e crenzas do noso sistema patriarcal e heteropatriarcal, están arraigadas na nosa sociedade machista, polo que chegamos a ver “normal” aquelas situacións que non deberiamos tolerar. E, aínda que comezar a ser quen de detectar as desigualdades non é cousa dun día, todas as persoas podemos espertar a nosa conciencia, darnos conta que identificar as desigualdades tamén está en nós. Só temos que activar o radar, a nosa conciencia.

Verás que cando o alumnado active o seu radar non poderá crer a cantidade de situacións que detecta e que antes pasaba por alto ou, simplemente, víaas tan habituais que lle pasaban desapercibidas.

## Probamos?

En cada microvídeo, observaremos unha situación cotiá que se dá entre mozas e mozos de entre 10 e 12 anos. Cada un destes microvídeos conta cunha personaxe principal, a que irá compartindo connosco as súas reflexións. Estas emanan do seu radar interno e farannos ver por que debemos cuestionar as ideas e actitudes que sustentan as desigualdades de xénero. Ademais, mostraranos como activar o noso radar, porque nós tamén podemos transformar as desigualdades de xénero.

Procura que o alumnado preste moita atención ao contido do microvídeo e reflexione sobre as situacións que se van traballar na aula xa que, unha vez activen o seu radar, xa non o queren desactivar. O obxectivo é que se dean conta de que as súas accións e decisións tamén poden xerar desigualdades...

Non o esquezas, a nosa misión é lograr que rexeiten e combatan as desigualdades de xénero e as violencias machistas no seu día a día.


Nesta unidade didáctica imos traballar a **LGBTIfobia. Aceptas o reto? Verás que os beneficios son moitos.**



**COMEZAMOS?**

Activemos o noso  
radar da TDX...

**OBXECTIVOS  
DIDÁCTICOS**





**REFLEXIONAR**

sobre as consecuencias da heteronormatividade no colectivo LGTBIQ+.

**APRENDER**

a valorar e apreciar as características individuais propias.

**FOMENTAR**

o respecto ás particularidades individuais das persoas.

**REFORZAR**

activamente a autoestima do alumnado, para impulsar o seu desenvolvemento psicosocial e súa autonomía e para conseguir que sexa capaz de tomar as súas propias decisións.

**IDENTIFICAR**

actitudes favorables e contrarias a unha convivencia saudable que facilite que cada cal viva libremente a súa forma de ser.


**TRABALLAR**

as competencias sociais, reflexionar, argumentar e mostrar empatía cara outro tipo de identidades.



**QUE  
CONTIDOS  
IMOS  
TRATAR?**

**LGTBIFOBIA**



## Claves teóricas para traballar as temáticas que se abordan no microvídeo

Nesta unidade didáctica imos traballar co terceiro dos microvídeos da campaña. Recréase unha escena na que pode verse como os comentarios e ideas lgbtífobas lexitiman as desigualdades e as violencias. Na escena, dous rapaces están vendo a través do teléfono móbil os comentarios que varias persoas realizan sobre un vídeo de *trik trok* no que un grupo de nenos e nenas están bailando.

### APRENDIZAXES CLAVE:

Sexo, identidade de xénero, expresión de xénero, orientación sexual, violencias LGTBIfóbicas, heteronormatividade, xénero non binario

Seguramente algunha vez escoitaches falar da identidade de xénero, pero... **que queremos dicir con isto? Que significa?**



Un dos temas que pode xerar máis dúbidas e incertezas á hora de incorporar a diversidade ao trato coas persoas é o uso da linguaxe e os conceptos asociados á diversidade

afectivo-sexual. Pero non te preocupes! Para iso estamos aquí. Nos últimos anos vense realizando unha fonda e continua reflexión sobre esta temática que nos vai axudar a tomar consciencia do uso sexista e non inclusivo que, por parte de toda a sociedade, estivemos facendo ata o de agora da linguaxe. Así, tomar consciencia das nosas prácticas discriminatorias á par que obtemos novas ferramentas lingüísticas para un uso igualitario da linguaxe é o primeiro paso para contribuír á creación de contornas seguras e inclusivas.

Co gallo de facilitar a aprendizaxe, a continuación aparecen recollidos unha serie de conceptos básicos e claves:

- **Sexo.** Muller, home ou intersexual. Determínase en base ás nosas diferenzas biolóxicas. A intersexualidade dáse cando unha persoa nace con características biolóxicas de ambos sexos. Nunha definición máis exacta, a intersexualidade prodúcese cando unha persoa presenta uns xenitais externos de forma ambigua. Isto é, cando existe unha discrepancia entre os seus cromosomas (XY / XX), gónadas (testículos / ovarios) e xenitais (pene / vaxina).



- **Identidade de xénero.** Refírese á vivencia interna e individual de sentir o xénero (masculino, feminino, non binario, etc.). Unha persoa pode ter unha identidade de xénero que se corresponde, ou non, co sexo e xénero asignado ao nacer.



- **Orientación sexual.** Refírese á atracción física, sexual, romántica ou emocional que sente unha persoa por outras



persoas. Pode manifestarse, por exemplo, na forma de heterosexualidade, homosexualidade, bisexualidade, etc. Non garda relación coa identidade de xénero ou a expresión de xénero.

- **Expresión de xénero.** É a forma en que manifestamos o xénero mediante o noso comportamento e a nosa aparencia. A expresión de xénero pode ser masculina, feminina, andróxina, calquera combinación das tres, pero tamén moitas outras. A expresión de xénero non sempre se axusta ás ideas que a sociedade considera apropiadas. As persoas cuxa expresión de xénero non se axusta ás normas e expectativas sociais, (homes que son percibidos como “afeminados” ou mulleres consideradas “masculinas”), adoitan ser obxecto de acoso e agresións. A expresión de xénero dunha persoa non sempre está vinculada co seu sexo biolóxico, a súa identidade de xénero ou a súa orientación sexual.



Todos os conceptos que acabamos de ver, e en base aos cales se establecen as “etiquetas”, **son independentes entre si e non son inmutables.** Isto é, poden ir mudando co tempo. Así, cómpre ter en conta que **a expresión de xénero e a identidade de xénero non están determinadas polo sexo biolóxico, nin a orientación sexual determinada pola expresión de xénero.**

### Sabes que significan as siglas LGBTIQ+?

LGBTIQ+ son as siglas de Lesbianas, Gais, Transexuais, Bisexuais, Intersexuais, Queer e + (o signo máis representa outras orientacións e identidades sexuais).



### E...que son as violencias LGTBIfóbicas?

A LGTBIfobia fai referencia ao rexeitamento cara as persoas que responden ás identidades que o termo agrupa (o colectivo LGBTIQ+). Así, as violencias LGTBIfóbicas **son as violencias machistas ás que están sometidas as persoas que saen da norma imposta polo sistema sexo-xénero (heteropatriarcal).** A exclusión, a marxinación, a patoloxización, o illamento, etc., son formas nas que se expresan as fobias cara as expresións trans, intersexuais ou interxénero, así como cara as opcións sexuais e afectivas homosexuais, bisexuais, etc. Co gallo de abordalas máis polo miúdo, a continuación recolleemos as definicións dalgunhas destas violencias:

- **Homofobia.** Medo, discriminación, odio ou rexeitamento cara os homes que senten atracción ou manteñen relacións sexuais e/ou afectivas con outros homes.
- **Lesbofobia.** Medo, discriminación, odio ou rexeitamento cara as mulleres que senten atracción e manteñen relacións sexuais e/ou afectivas con outras mulleres.
- **Bifobia.** Medo, discriminación, odio ou rexeitamento cara as persoas que senten atracción e manteñen relacións sexuais e/ou afectivas con persoas de ambos os dous sexos e/ou xéneros.
- **Transfobia.** Medo, discriminación, odio ou rexeitamento cara as persoas trans e intersex. Este é un tipo de violencia machista especialmente agresiva e daniña, pois a día de hoxe segue a ser un colectivo vítima de violencia institucional (patoloxización, problemas burocráticos, medicalización, etc.), así como do illamento social e de fortes agresións físicas.

Como se mencionou con anterioridade, **as violencias LGTBIfóbicas son violencias machistas.** Como tal, teñen a súa base no sistema heteropatriarcal e na heteronormatividade, e que establece como “normal” e “natural” a dominación masculina e a heterosexualidade.

## Que é iso da heteronormatividade? E que significa “ser normal”?

Á combinación “home-masculinidade” e “muller-feminidade” súmaselle a idea da **heterosexualidade como a única forma aceptada para as relacións afectivo-sexuais**. Isto é o que se coñece como heteronormatividade. Esta considera que o “natural” é a heterosexualidade e, polo tanto, que as persoas deben relacionarse sentimental e sexualmente con persoas do “sexo oposto”. E isto proba que o machismo non só é sustentador das violencias contra as mulleres polo mero feito de selo, senón tamén cara calquera persoa que quebrante os mandatos de xénero impostos. Isto é, as persoas homosexuais, bisexuais, transexuais entre outras. Polo tanto, a homofobia e a transfobia son violencias machistas.

## Pero iso de poñer etiquetas...é necesario?

As etiquetas son necesarias en tanto que **fan visibles ás diferentes realidades e formas de sentir e vivir**. Desta forma, **evidénciase e recoñécese a diversidade inherente á humanidade, pois amosa o amplo espectro de identidades, expresións e sexualidades, así como as limitacións e a problemática de reducilas a un binomio**, é dicir, unicamente a dúas posibilidades (home-muller, masculino-feminino, heterosexual-homosexual, etc.). Así e todo, é fundamental ter en conta que as persoas son máis importantes que a etiquetas que se poñan e, polo tanto, débese respectar en todo momento o desexo persoal de usalas ou non facelo. Por exemplo, hai persoas que non se identifican con ningún dos dous xénero binomiais estipulados, as persoas non binarias.

## Que é o non binario ou genderqueer?

Soa moi complicado, e por iso pode que xere ese rexeitamento social de non aceptar o que non entendemos, cando en realidade supón todo o contrario, máis ben pretende explicar que a vida non é branco ou negro, home ou muller; e non, non é un capricho, é a realidade de moitas persoas.


A comprensión e sobre todo a aceptación da marabillosa diversidade, vai máis alá da memorización de conceptos, céntrase na

apertura mental e emocional e sobre todo na empatía.

**Genderqueer**, é un termo tamén coñecido como **xénero non binario**, é una identidade que designa a aquelas persoas cuxa identidade de xénero non se encadra nos espectros tradicionais e occidentais dos xéneros binarios (masculino e feminino), e que está fóra da cisnormatividade, (concordancia identidade sexual con xénero asignado ao nacer) podéndose manifestar cun abanico de xénero.


### ► Ten en conta que...

Se ben é necesario ter información e manexar correctamente os termos, ten en conta que a comprensión e a aceptación da diversidade vai moito máis alá da memorización de conceptos. É dicir, é un proceso que require apertura mental e emocional, altas doses de empatía.





EL GÉNERO ES UN ESPECTRO:



Fonte: @FriKitty

### E... Sabes que é a cisnormatividade?

A grandes trazos, é a concordancia entre a identidade de xénero sentida e o sexo asignado ao nacer. Así, unha persoa “considerada” socialmente como muller, que se identifica como muller e cuxa expresión de xénero cumpre con certos mandatos de xénero, é unha muller cis ou cismuller.


Hai persoas que seguen a crer que ser home ou muller heterosexual é a norma— “ser normal”— e todo o que saia de aí é raro ou estraño e, polo tanto, menos válido ou directamente inválido. Pero o certo é que a forma de vivir a nosa identidade e a nosa sexualidade é única e persoal. Isto é, hai tantas formas de vivirlas como persoas hai no mundo. Ademais, negar as formas de vivir e sentir das persoas é unha vulneración dos dereitos humanos.

Unha das características da infancia e da adolescencia é esa busca da identidade, que cando pensamos que non encaixa co “normal” podemos chegar a pensar que hai algo que “non funciona en nós”. Pero todo o contrario, o problema está na sociedade e na falta de información. Por isto é **importante darlle visibilidade á diversidade de realidades, tendo en conta que hai un amplo abano de posibilidades.**



# PROPOSTA DIDÁCTICA

FICHA DAS  
ACTIVIDADES






| TEMA                                                                                 |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |                                                                                                         |
|--------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| LGTBIfobia                                                                           |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |                                                                                                         |
| <b>CURSOS</b>                                                                        | 6º curso de Educación Primaria e 1º de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |                                                                                                         |
| <b>OBXECTIVOS</b>                                                                    | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Reflexionar sobre as consecuencias da heteronormatividade no colectivo LGTBIQ+.</li> <li>• Aprender a valorar e apreciar as características individuais propias.</li> <li>• Fomentar o respecto ás particularidades individuais das persoas.</li> <li>• Reforzar activamente a autoestima do alumnado, para impulsar o seu desenvolvemento psicosocial e súa autonomía, e conseguir que sexa capaz de tomar as súas propias decisións.</li> <li>• Identificar actitudes favorables a unha convivencia saudable que facilite que cada cal viva libremente a súa forma de ser.</li> <li>• Traballar as competencias sociais, reflexionar, argumentar e mostrar empatía cara outro tipo de identidades.</li> </ul> |                                                                                                         |
| <b>CONTIDOS QUE SE VAN A TRABALLAR</b>                                               | <ul style="list-style-type: none"> <li>▷ Sexo</li> <li>▷ Identidade de xénero</li> <li>▷ Orientación sexual</li> <li>▷ Expresión de xénero</li> <li>▷ LGTBIfobia</li> </ul>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |                                                                                                         |
| ACTIVIDADES                                                                          | TEMPO ESTIMADO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | MATERIAIS                                                                                               |
| 1ª.<br><b>ACTIVIDADE</b><br>«Previsionado e ideas previas do alumnado»               | 15 min.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Anexo N° 2. Letra a letra</li> </ul>                           |
| 2ª.<br><b>ACTIVIDADE</b><br>«Visionado do microvídeo e análise do contido»           | 15 min.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Microvídeo</li> <li>• Anexo N° 3. Pareceche normal?</li> </ul> |
| 3ª.<br><b>ACTIVIDADE</b><br>«Actividade de afianzamento das ideas e reflexión final» | 20 min.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Anexo N° 4. Genderbread person</li> </ul>                      |



# DESENVOLVIMENTO



## PRIMEIRA ACTIVIDADE:

**15 min. aprox.** [Previsionado e ideas previas do alumnado]

### 1º.

Comezamos explicando que nesta sesión imos traballar co terceiro dos catro vídeos que contén a campaña «**Activa o radar TDX! Está en ti**», promovida polo Concello de Cangas.

### 2º.

Para comezar a traballar, faremos unha primeira dinámica: “Letra a letra”. Para desenvolvela utilizaremos o “**Anexo Nº 2. Letra a letra**”.

### 3º.

Pedimos ao alumnado que se organice en pequenos grupos de 3 ou 4 persoas para que pensen e respondan ás preguntas da ficha (deixámoslles 5 minutos):

- Escoitastes falar das siglas LGTBIQ+?
- Que significa cada unha das letras? E o símbolo +?

Esta dinámica permitiranos coñecer as ideas previas que o alumnado posúe ao redor do tema, e que incorporen no seu imaxinario novos conceptos.

### 4º.

Facemos a posta en común. En plenario, imos desvelando que significa cada unha das letras das siglas LGTBIQ+ e reflexionamos sobre as seguintes preguntas:

- Sabedes cando e por que se celebra o orgullo LGTBIQ+?



O Día internacional do Orgullo LGTBIQ+ recórdanos que en 1969, na cidade de Nueva York, tivo lugar unha batida policial no local gai Stonewall. Foi a primeira vez que o colectivo se rebelou contundentemente contra a represión institucional e social que sufría. Un ano despois deste suceso, celebrouse a primeira marcha do orgullo LGTBIQ+ que se segue conmemorando anualmente ata os nosos días.

- Por que pensades que se emprega a bandeira arco iris para representar o colectivo LGTBIQ+?



As bandeiras sempre foron consideradas como un símbolo de valores compartidos. Neste senso, as persoas que comparten o uso dunha bandeira, polo xeral, loitan por obxectivos comúns.

Neste caso, o obxectivo común era poder expresar libremente o que se é; ser capaces de ser visibles e felices ao mesmo tempo, sen ningún tipo de discriminación nin castigo; de manifestar cada verdade e realidade con tranquilidade, sen o medo á exclusión nin ao rexeitamento, tanto dentro como fóra da contorna familiar.

O símbolo do Orgullo foi deseñado polo artista e activista Gilbert Baker. Ondeou por primeira vez en 1978 no Festival do orgullo de San Francisco (Estados Unidos). Desde aquela, a bandeira converteuse nunha insígnia do colectivo.

Inicialmente, a bandeira tiña oito cores. Logo reducíronse a sete e finalmente quedouse con seis. Como non podía ser doutra maneira, cada unha delas está cargada de simboloxía.

Así, cada unha simboliza un concepto que o deseñador consideraba importante para o colectivo LGTBIQ+:

- Rosa: a sexualidade
- Vermello: a vida
- Laranxa: a saúde
- Amarelo: o sol
- Verde: a natureza
- Turquesa: a maxia e a arte
- Azul ou índigo: a harmonía e a serenidade
- Violeta: o espírito

As cores que foron eliminadas da bandeira:  
o rosa ● e o turquesa ●



## SEGUNDA ACTIVIDADE:

**15 min. aprox.** [Visionado do microvídeo e análise do contido]

.....

### 1º.

Proxectamos o terceiro vídeo da campaña, este ten unha duración de 1:32 minutos. Neste vídeo vemos a dous rapaces, o maior está amosándolle no seu teléfono móbil os comentarios que ten un vídeo de *trik trok* no que aparece un grupo de nenos e nenas bailando.



### 2º.

Tras o visionado preguntamos á clase:  
**Que vos di o voso radar TDX sobre a escena do vídeo?**

Esta pregunta debería poder responderse con unha frase que resuma o vídeo que acabamos de ver.

### 3º.

A continuación, dividimos a clase en pequenos grupos, de 3 ou 4 persoas, e entregámoslle o **“Anexo Nº 3. Pareceche normal?”**. Na ficha aparecen os comentarios do vídeo:

**@Ataulfo\_2010:** Que pinta de mariquita ten o que baila 😊 😊 😊

**@Opetado\_11:** Si, apunta maneiras, jaja

**@Domellorciño:** A vós parecevos normal o que escribides?

**@Son\_Areamilla:** A ti paréchece normal o dese rapaz?

**@Sr\_Bro09:** O que non vexo normal son os vosos comentarios.

**@Coiro:** O normal é que as persoas sexamos diversas. Fíxate, @Son\_Areamilla de lonxe parecías ser mellor persoa... e mírate! 🙄 🙄

O alumnado deberá sinalar no texto cales son as palabras ou comentarios que empregan para dicir que alguén non é normal. E responder á seguinte pregunta:

- Que significa ser normal?

#### 4º.

Despois de 5 minutos, comentamos en plenario as respostas, e neste punto, explicaremos o concepto de heteronormatividade e como esas etiquetas que se dan por feito limitan a diversidade e crean máis desigualdades. Podemos aproveitar este momento para proxectar o reto deste vídeo:

**Non rexeites ás persoas por non encaixar no que se considera “normal”.  
Que máis dá por quen se sentan atraídas, como leven o pelo, se vistan,...!  
As túas accións suman na consecución dunha sociedade máis libre e máis igualitaria. Practica isto no teu día a día!**

## TERCEIRA ACTIVIDADE:

**20 min. aprox.** [Actividade de afianzamento das ideas e reflexión final]

### 1º.

Retomamos as siglas LGTBIQ+ que traballamos na primeira actividade e preguntamos:

- Seguramente escoitaches falar de orientación sexual ou identidade de xénero e outras palabras similares, pero... sabes que significan?

### 2º.

Proxectamos a seguinte imaxe na pantalla e os seguintes conceptos, e a cada grupo entregamos unha ficha (**"Anexo N° 4. Genderbread person"**) coa mesma imaxe.



- Sexo
- Identidade de xénero
- Orientación sexual
- Expresión de xénero

### 3º.


Cada grupo deberá, durante 10 minutos, debater sobre o significado de cada unha destas etiquetas e que parte do boneco pensan que representa cada concepto:



### 4º.

Preguntamos aos grupos as definicións que lle deron a cada concepto e imos desvelando na pantalla un a un e explicando o seu significado. Explicamos na seguinte orde:

"sexo", "expresión de xénero", "identidade de xénero" e "orientación sexual".



### 5º.

Agora que xa sabemos que significan todos estes conceptos:

- Que é a LGTBfobia?



É o rexeitamento, odio e/ou desprezo cara as persoas lesbianas, gais, bisexuais, trans, e, en xeral, cara calquera que non cumpra cos roles de xénero establecidos. Esta é una actitude e un sentimento aprendido. Ninguén nace odiando ás demais persoas, apréndese pouco a pouco a través de estereotipos e prexuízos negativos. Calquera acción, sexa directa o indirecta, que provoque o sufrimento de unha persoa por ser LGTBIQ+ é LGTBfobia.

### ► Reflexións ás que chegar coa actividade

- Todas as etiquetas que acabamos de ver son independentes entre si e poden ir mudando co tempo. Polo tanto, nin a expresión de xénero ou a identidade de xénero están determinadas polo sexo biolóxico, nin a nosa orientación sexual determina a nosa expresión de xénero.
- Os chistes, comentarios, miradas, risas

e todo o que fai sentir a unha persoa incómoda pola súa orientación ou identidade de xénero son un tipo de agresión. Hai comentarios que non se permitirían con outras minorías ou colectivos que sofren discriminación que si se toleran coas persoas LGBTIQ+.

\*Para o desenvolvemento de todas as actividades que aquí se recollen, podemos apoiarnos na presentación en formato power point recollida no **“Anexo N°1. Guía de Actividades”**.



Para seguir afondando...

**Actividade: fai que chegue a máis persoas do cole o radar TDX. Aceptas o reto?**

Se queres seguir afondando nalgunhas cuestións e ideas que xurdiron, podemos realizar a seguinte actividade:

### 1º.

Comentamos que o microvídeo da campaña non ten título.

### 2º.

Pedimos ao alumnado que, de maneira individual, pense nun título para poñerlle e que elabore un cartel.

### 3º.

Os carteis poden colocarse na aula.



